

Afiliacións á Seguridade Social segundo grupos de idade

Resumo de resultados 20/02/2025

ÍNDICE

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización	1
Información para Galicia e provincias segundo o subgrao de urbanización	3
Definicións, fontes e máis información	5

ZDP: Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización


Afiliacións á Seguridade Social segundo grupos de idade, xénero e grao de urbanización



As afiliacións á Seguridade Social en Galicia no ano 2024 amosan un comportamento moi similar entre as tres zonas de urbanización, densamente poboada (ZDP), intermedia (ZIP) e pouco poboada (ZPP). O grupo de idade con maior número de persoas afiliadas, tanto de homes coma de mulleres, nas tres zonas é o de 45-49 anos, con entre o 17,3 % das afiliacións na ZIP e o 15,8 % na ZPP (a porcentaxe correspondente á ZDP atópase a medio camiño entre ambas, situándose no 16,3 %). Nas tres zonas se observa o mesmo fenómeno, moi relacionado coa estrutura demográfica da poboación galega: entre 2014 e 2024 diminúe a porcentaxe de persoas afiliadas nas idades novas e aumenta a partir do grupo de 45-49 anos.

Se comparamos as pirámides de cada zona dos anos 2014 e 2024, apreciamos un desprazamento vertical da pirámide en todas as zonas e un aumento das porcentaxes de poboación nos grupos de idade maiores de 45 anos. Os maiores aumentos producíronse na ZIP, nos grupos de idade entre 45 e 60 anos, e na ZPP e na ZDP nos grupos de idade máis elevados (maiores de 60 anos).

	2014				2024			
	Total	ZDP	ZIP	ZPP	Total	ZDP	ZIP	ZPP
<25	3,6	3,1	3,8	4,3	4,5	4,5	4,7	4,3
25-29	8,2	7,7	8,2	9,0	6,9	7,4	6,8	6,4
30-34	12,5	12,2	12,9	12,3	8,8	9,2	8,5	8,7
35-39	15,9	16,1	17,0	14,2	10,6	10,5	10,5	10,8
40-44	15,3	15,5	16,1	13,7	13,7	13,4	13,9	13,6
45-49	14,1	14,2	14,4	13,7	16,5	16,3	17,3	15,8
50-54	12,7	12,8	12,3	13,2	15,0	14,9	15,5	14,5
55-59	10,1	10,5	9,1	11,0	12,5	12,3	12,4	13,1
>=60	7,6	8,1	6,3	8,6	11,5	11,6	10,5	12,7

Pirámide de idades das afiliacións á Seguridade Social para os anos 2014 e 2024 para os distintos graos de urbanización





Información para Galicia e provincias segundo o subgrao de urbanización

Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social segundo grupos de idade e subgrao de urbanización

Os grupos de idade de 20 a 39 anos e de 40 a 59 anos acumulan o 85 % das afiliacións á Seguridade Social no ano 2024 en Galicia na ZIP alta, e é superior ao 80 % en todas as demais subzonas de urbanización.


No período 2018-2024 obsérvase unha diminución da porcentaxe de afiliacións no grupo de idade de 20 a 39 anos en todas as subzonas de urbanización. Aínda que non existen diferenzas moi significativas entre subzonas, cómpre resaltar que os valores máis altos acádanse na ZDP a partir do ano 2023.

Polo que respecta á porcentaxe de afiliacións no grupo de idade de 40 a 59 anos, cómpre resaltar que, ao contrario que no grupo de idade de 20 a 39 anos, esta aumenta ao longo do período 2018-2024 en todas as subzonas de urbanización, aínda que nos 3 últimos anos obsérvase una diminución na ZDP e na ZIP alta.


	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Total	34,8	33,6	31,8	31,5	27,2	26,6	26,2
ZDP	34,0	33,0	31,3	31,2	27,3	27,1	27,0
ZIP alta	35,0	33,6	31,6	31,2	26,8	26,0	25,6
ZIP baixa	36,0	34,5	32,4	32,1	27,5	26,5	26,0
ZPP alta	35,9	34,3	32,4	31,7	27,2	26,3	25,6
ZPP intermedia	35,9	34,8	32,9	32,4	27,7	27,0	26,5
ZPP baixa	35,0	33,9	32,6	32,2	27,2	26,3	25,9

	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
40-59							
Total	56,1	56,9	58,1	58,0	58,2	58,0	57,8
ZDP	56,5	57,0	58,2	58,0	58,0	57,4	56,9
ZIP alta	57,1	58,1	59,5	59,5	59,7	59,6	59,2
ZIP baixa	55,9	56,8	58,3	58,2	58,7	58,8	58,7
ZPP alta	55,7	56,9	58,2	58,4	58,8	58,9	58,9
ZPP intermedia	54,4	55,1	56,4	56,5	57,1	57,3	57,3
ZPP baixa	53,9	54,6	55,2	55,1	55,4	55,5	55,7

Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social do grupo de idade 20-39



Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social do grupo de idade 40-59



Definicións, fontes e máis información

Definicións

Porcentaxe de afiliacións segundo grupos de idade: É a porcentaxe que supoñen as afiliacións á Seguridade Social de cada un dos grupos de idade considerados sobre o total de afiliacións. Os datos refírense ao 31 de decembro de cada ano.

Persoas afiliadas á Seguridade Social: A afiliación ao Sistema da Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador ou da traballadora e para todo o sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador ou a traballadora afíliase cando comeza a súa vida laboral e se dá de alta nalgún dos rexímenes do Sistema da Seguridade Social. Esta situación denomínase alta inicial. Se cesa na súa actividade será dado ou dada de baixa pero seguirá afiliado ou afiliada en situación de baixa laboral. Se retoma a actividade producirase unha alta denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

- Na Mostra continua de vidas laborais contabilízanse o número de traballadores e traballadoras que estiveron afiliados e afiliadas en alta laboral nalgún momento do ano de referencia.

- Para as táboas de afiliacións á Seguridade Social facilitadas polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones contabilízanse o número de afiliacións. Hai que ter en conta que o número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de traballadores e traballadoras, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar. É dicir, a mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, xa sexa porque ten varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios

Descarga de datos

- [Porcentaxe e número de afiliacións á Seguridade Social segundo grupos de idade e subgrao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2006)
- [Porcentaxe e número de afiliacións á Seguridade Social segundo grupos de idade e grao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2006)
- [Porcentaxe e número de afiliacións á Seguridade Social segundo grupos de idade e subgrao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2011)
- [Porcentaxe e número de afiliacións á Seguridade Social segundo grupos quinquenais de idade, sexo e subgrao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2011)

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir de INE. Padrón municipal de habitantes